



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE DEZAOITO DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZANOVE
(ACTA NÚMERO 48)

Presidenta:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

Sres. Deputados:

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D^a. José Luís Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **dezaoto de outubro de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia da Sra. Vicepresidenta D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón, por ausencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o Secretario Xeral Adxunto D. José Antonio MourelleCillero, e asiste como Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten o Ilmo. Sr. Presidente D. José Tomé Roca e a señora Deputada D^a. Mayra García Bermúdez.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA ONCE DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZANOVE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día once de outubro de dous mil dezanove, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO DEPORTIVO DE EQUIPOS (SOCIEDADES ANÓNIMAS) DE CATEGORÍAS ESTATAIS DE FÚTBOL E BALONCESTO CO FIN DE PROMOCIONAR A MARCA “A DEPUTACIÓN DE LUGO CO DEPORTE” OU CALQUERA OUTRA MARCA/IMAXE/MENSAXE DA DEPUTACIÓN DE LUGO/PROVINCIA DE LUGO. C.D. LUGO SAD. DISCIPLINA: FÚTBOL. ANUALIDADE 2019.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do servizo de Contratación e Fomento, no que se recollen as seguintes antecedentes e consideracións.

“Antecedentes

Proposta de patrocinio presentada polo CD Lugo SAD de 11/12/2018.



Incoado co obxecto de proceder á contratación das prestacións de valoración económica e adaptación a prezos de mercado das propostas de patrocinio deportivo do Club Deportivo Lugo SAD e CD LUGO S.A.D., anualidade 2019.

Informe de valoración económica e adaptación a prezos de mercado das propostas de patrocinio deportivo do Club Deportivo Lugo SAD e CD LUGO S.A.D., anualidade 2019, emitido pola empresa Tasaciones Hipotecarias Renta S.A. (THIRSA), adxudicataria.

Informes do Servizo de Deportes sobre a necesidade administrativa a satisfacer, insuficiencia de medios e non división en lotes.

Providencia de inicio do expediente de contratación.

Solicitud de consignación orzamentaria.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito.

Informe sobre a desagregación do orzamento base de licitación.

Prego de prescricións técnicas.

Prego de cláusulas administrativas particulares.

Memoria xustificativa.

Acordo da Xunta de Goberno de data 22 de maio do 2019, polo que se aproba o expediente de contratación e o gasto proposto.

Convite cursado ao CD LUGO S.A.D. para presentar proposta en relación aos criterios obxecto de negociación.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 26-6-2019 para a calificación da documentación administrativa (sobre electrónico“A”) presentada, a apertura da documentación contida nos sobre electrónico “B” sobres relativos á oferta técnica e económica e o inicio da fase de negociación, se procede, así como a certificación dos acordos adoptados en dita mesa.

Convite cursado a empresa CD LUGO S.A.D. para presentar oferta na fase de negociación.

Proposta presentada polo CD LUGO S.A.D. en relación aos criterios obxecto de negociación.

Informe do Xefe do Servizo de Deportes en relación ao cumprimento do prego de prescricións técnicas por parte da proposición presentada polo único licitador concorrente .

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 10 de xullo de 2019, para dar conta do informe do Servizo de Deporte en relación ao cumprimento do prego de prescricións técnicas por parte da proposición presentada polo único licitador concorrente así como a certificación dos acordos adoptados en dita mesa.

Requirimento de aclaracións da oferta técnica cursado ao CD LUGO S.A.D.

Documento de aclaracións da súa oferta técnica, presentado CD LUGO S.A.D.

Informe do Xefe do Servizo de Deportes en relación ás aclaracións presentadas polo CD LUGO S.A.D.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 2 de agosto do 2019, para dar conta do informe de aclaracións presentado polo CLUB DEPORTIVO LUGO S.A.D. e da súa proposta en relación aos criterios obxecto de negociación recollidos na cláusula 12 do PCAP, así como a certificación dos acordos adoptados en dita mesa.



Resolución da Presidencia de data 26-09-2019 relativa ao requirimento ao CLUB DEPORTIVO LUGO S.A.D. da documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017.

Requirimento de documentación administrativa cursado á entidade CLUB DEPORTIVO LUGO S.A.D. presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017 e que se recolle na cláusula 17 do PCAP.

Documentación presentada pola entidade CLUB DEPORTIVO LUGO S.A.D con data 9 de outubro do 2019, en relación ao trámite sinalado no parágrafo anterior.

Lexislación aplicable.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello.

Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Lei 34/1998, de 11 de novembro, xeral de publicidade.

Restante normativa de xeral ou concordante aplicación.

Consideracións Xurídicas.

Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación do patrocinio publicitario deportivo de equipos (sociedades anónimas) de categorías estatais de fútbol e baloncesto co fin de promocionar a marca a Deputación de Lugo co deporte ou calquera outra marca/imaxe/mensaxe da Deputación de Lugo /Provincia de Lugo. CD LUGO SAD. Disciplina: Fútbol. Anualidade 2019.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación da LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu art. 4 e 11, como negocios xurídicos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Excma. Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato de patrocinio de carácter privado, en aplicación dos artigos 25 e 26 da LCSP.



O contrato de patrocinio definido ten a cualificación de contrato privado, de acordo co previsto artigo 26.1.a) da LCSP onde se establece que terán a consideración de contratos privados os que celebren as Administracións Públicas cuxo obxecto sexa distinto dos referidos nas letras a) e b) do apartado primeiro do artigo 25, apartados onde se regulan os contratos que teñen carácter administrativo.

O contrato cualifícase como privado posto que o patrocinado non é unha empresa que se dedique aos servizos publicitarios, o que exclúe a posibilidade de consideralo como un contrato administrativo de servizos, e tampouco pode ser considerado como un contrato administrativo especial, xa que non resulta vinculado ao xiro ou tráfico específico da Administración, nin satisface de forma directa ou inmediata unha finalidade pública da específica competencia daquela. Todo elo nos termos relacionados no apartado C do Cadro Resumo. As prestacións incluídas dentro do obxecto do contrato están descritas no PPT.

Como se apuntou, trátase dun contrato de patrocinio cuxa regulación atópase na Lei 34/1988, do 11 de novembro, Xeral de Publicidade (en adiante LXP), modificada pola Lei 29/2009, do 30 de decembro, pola que se modifica o réxime legal da competencia desleal e da publicidade para a mellora da protección dos consumidores e usuarios, xunto cos contratos de publicidade, de difusión publicitaria e de creación publicitaria. O actual artigo 22 LXP defíneo como: “aquele contrato no que o patrocinado, a cambio dunha axuda económica para a realización da súa actividade deportiva, benéfica, cultural, científica ou doutra índole, comprométese a colaborar na publicidade do patrocinador.

En relación á natureza xurídica do contrato de patrocinio, a Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado aprobou, na súa sesión do 2 de xullo de 2018, o seu Informe 7/2018, sobre a admisibilidade da figura do contrato menor en certos tipos de contratos, e no que, entre outras cousas sinala:

“(…) O contrato de patrocinio defínese no art. 22 da Lei 34/1988, do 11 de novembro, Xeral de Publicidade. Este precepto defíneo como “aquele por o que o patrocinado, a cambio dunha axuda económica para a realización da súa actividade deportiva, benéfica, cultural, científica ou doutra índole, comprométese a colaborar na publicidade do patrocinador”.

Cabe destacar primeiramente que os contratos de patrocinio non teñen unha regulación específica na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Ao configurarse ao redor dunha prestación de facer a cambio da cal se cobra un prezo podería considerarse *prima facie* que estamos en presenza dun contrato de servizos. Con todo, tal cualificación choca co problema de que a finalidade de interese público que se serve a través destes contratos non é só a publicidade institucional, senón que o financiamento público das actividades culturais, deportivas ou doutra índole é a verdadeira finalidade principal da actuación da entidade consultante. Tampouco é previsible que o obxecto social da contratista sexa a realización de campañas de publicidade institucional. En todo caso debe quedar claro que na hipótese que estamos a analizar, existindo unha prestación a cambio do prezo satisfeito pola Administración, atopámonos en presenza dunha figura contractual e non dunha subvención e que se o que realmente existe é unha figura diferente ao contrato, ben de modo patente ou de maneira encuberta, debe terse en conta o sinalado no parágrafo primeiro do presente expositivo.

Tendo todo o anterior en consideración, cabería pensar que este tipo de contratos de patrocinio constituirían contratos privados ao amparo dos disposto no artigo 26.1.a) da Lei 9/2017, segundo o cal teñen a consideración de contratos privados os que celebren as Administracións Públicas cuxo obxecto sexa distinto dos referidos nas letras a) e b) do artigo 25. Esta remisión ao artigo 25 alude a aqueles contratos que sexan distintos dos contratos administrativos típicos ou especiais. Desta forma, o réxime xurídico dos contratos de patrocinio sería o propio dos contratos privados que, como vimos, determina o apartado 2 do artigo 26”

En termos similares exprésase a Xunta Superior de Contratación Administrativa da Generalitat Valenciana no seu informe 7/2018, do 27 de xullo d0 2018, onde conclúe, entre outras cuestións, que:

“O patrocinio publicitario dunha actividade ou evento por unha Administración Pública non se considera comprendido entre os contratos de servizos ou outros contratos típicos dos definidos na Lei de Contratos do Sector Público. A súa contratación terá carácter privado e a súa preparación e adxudicación debe efectuarse de conformidade coas normas da Lei de Contratos do Sector Público que resulten de aplicación. De acordo con este criterio, terá a consideración de contrato menor no caso de que o seu valor estimado non supere o importe establecido no artigo 118.1 da devandita Lei para os contratos de servizos”



Respecto da cualificación do contrato de patrocinio manifestouse tamén o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais con anterioridade á entrada en vigor da Lei 9/2017, manifestando o seu carácter atípico e a súa natureza privada. Así na súa Resolución nº 193/2018, do 23 de febreiro de 2018, na que acumula dous recursos presentados contra a contratación do patrocinio para a difusión da imaxe dunha cidade española e manifesta o seguinte:

(...) estamos ante un contrato de patrocinio, isto é, un contrato publicitario regulado e definido na Lei 34/1988, do 11 de novembro, Xeral de Publicidade xunto co contrato de publicidade, o de difusión publicitaria e o de creación publicitaria. Agora ben, o feito de que se trate dun contrato publicitario, non significa que se trate dun contrato servizos publicitarios, que, como calquera outro, sería un contrato típico de servizos regulado no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCS), que se é celebrado por un poder adxudicador e o seu valor estimado supera o limiar determinado pola devandita Lei, estaría comprendido na categoría 13 do Anexo II do TRLCS, estaría suxeito a regulación harmonizada e sería susceptible de recurso especial. O contrato de patrocinio publicitario non é un contrato típico de servizos, xa que o seu obxecto non é unha prestación de servizos de publicidade a favor do órgano de contratación propia do contrato de publicidade nos termos que concreta o artigo 13 da LXP (...), pois, no noso caso, as partes só colaboran entre si e ningunha delas é unha axencia de publicidade; tampouco é o seu obxecto a difusión ou distribución publicitaria que concreta o artigo 17 de dita LXP para o contrato de difusión publicitaria (...), pois no noso caso, non existen esas prestacións e o patrocinado non é un medio publicitario que comercialice unidades de tempo ou espazo, e, en fin, tampouco o seu obxecto é unha creatividade publicitaria definida no artigo 20 de dita LXP (...). O contrato obxecto de licitación é un contrato de patrocinio publicitario polo que unha das partes, o patrocinador, colabora na actividade da outra cunha axuda económica a cambio de que o patrocinado comprométase a colaborar na publicidade do patrocinador. O patrocinio é, por unha banda, un contrato pero non de servizos, e por outra, non é unha subvención, despois de que a entidade patrocinadora outorga a axuda ao patrocinado a cambio da colaboración deste para satisfacer o interese particular propio da entidade do sector público patrocinadora, e non só para promover actividades particulares que favorezan ou satisfagan o interese xeral tamén perseguido por aquela entidade patrocinadora.”

Feitas estas diferenzas o Tribunal Administrativo central considera que o contrato obxecto deste recurso é un contrato de natureza privada, non de servizos, non suxeito a regulación harmonizada.

Por último, en relación á natureza e réxime xurídico do contrato de patrocinio, destacar tamén o sinalado polo informe 13/2012, do 11 de xullo, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Aragón, que refírese ao contrato de patrocinio como aquel que “(...) Ten por obxecto unha publicidade de carácter indirecto que se deu en chamar «retorno publicitario», e que consiste fundamentalmente en que o patrocinado permite que o patrocinador faga pública a súa colaboración económica na actividade do patrocinado e tamén, se así se estipula, en que o patrocinado realice comportamentos activos con esa mesma finalidade. O patrocinador a cambio goza da notoriedade e da resonancia da actividade que desenvolve o patrocinado, co fin de incrementar entre o público o coñecemento do seu nome ou marca e de favorecer a súa imaxe.

O patrocinado é unha persoa física ou xurídica que non necesariamente ten que desenvolver unha actividade profesional, ao contrario do que ocorre no contrato de publicidade que se concerta cunha axencia publicitaria, ou no contrato de difusión publicitaria, no que o contratista necesariamente é un medio de difusión.”

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adxudicarase mediante procedemento negociado sen publicidade, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168 a) apartado 2º, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei; de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145, 146 e 166.2 da LCSP, criterios que figuran na cláusula 12 do PCAP



Motívase a elección do procedemento e sistema indicados por razóns técnicas, en atención a que o en atención a que o Club Deportivo Lugo, S.A.D é a única Sociedade Anónima Deportiva da Provincia de Lugo que participa en competicións das máximas categorías estatais (LaLiga 1|2|3), e polo tanto o instrumento para a promoción e a publicidade da marca “A Deputación de Lugo co Deporte” ou calquera outra marca/imaxe/mensaxe da Deputación de Lugo/Provincia de Lugo, a través do Fútbol, cos restantes motivos xustificadores, nomeadamente a relevancia e singularidade desta SAD, relatados na proposta de inicio do expediente e no propio prego de prescricións técnicas.

A aplicación deste procedemento susténtase na doutrina sobre o particular, nomeadamente, o Informe 13/2012, do 11 de xullo, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Aragón, que obra no expediente, e que no que respecta á aplicación do procedemento negociado sen publicidade nos contratos de patrocinio sinala na súa consideración xurídica III:

“Como yaindicó esta Junta Consultiva en su Informe 28/2008, de 10 de diciembre, resulta aplicable para la adjudicación de los contratos de patrocinio el procedimiento negociado sin publicidad en virtud del artículo 170. d) TRLCSP, que ampara aquellos supuestos en que por razones técnicas o artísticas o por motivos relacionados con la protección de derechos de exclusiva el contrato sólo pueda encomendarse a un empresario determinado, y ello porque:

“Cualquier intento de forzar la concurrencia en una cuestión de esta naturaleza, siempre y a cualquier precio, solo podría acabar mezclando entidades con actividades muy diferentes, de difícil o imposible homogeneización, tanto en cuanto al presupuesto de la actividad, como en lo que a la difusión publicitaria pretendida se refiere. Normalmente se tratará de un contrato por razón de la persona o *“intuitopersonae”*, en el que la concurrencia resultaría, si no en todos los casos, al menos, en muchos de ellos, incompatible con la naturaleza y objeto del contrato”.

A maior abastanza podemos facer mención ao artigo, “La contratación de publicidad institucional en la nueva ley de contratos del sector público” (Sanmartín Mora, María Asunción)¹, onde entre outras cuestións refírese ao contrato de patrocinio nos seguintes termos:

“El contrato de patrocinio publicitario lo define el artículo 22 LGP como aquel por el que el patrocinado, a cambio de una ayuda económica para la realización de su actividad deportiva, benéfica, cultural, científica o de otra índole, se compromete a colaborar en la publicidad del patrocinador. Es un contrato cuya delimitación presenta dificultades prácticas en el ámbito de las Administraciones Públicas respecto de la figura de la subvención. Sobre los contratos de patrocinio se ha pronunciado la Junta Consultiva de Contratación Pública del Estado en el Informe 7/18. La Junta entiende que en este caso no estamos ante un contrato de servicios, sino ante un contrato privado de los del artículo 26.1 a) LCSP 12, y concluye que su adjudicación puede hacerse mediante un procedimiento negociado sin publicidad al amparo del artículo 168.a). 2º LCSP, o tratarse como contrato menor.”

A presente contratación, con independencia do seu valor estimado, non está suxeita a regulación harmonizada, pola propia natureza privada e atípica do contrato de patrocinio, en consonancia cos informes das Xuntas Consultivas e a Resolución nº 193/2018 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, aos que se fai mención na consideración segunda do presente informe.

Motívase a non división en lotes, segundo informe incorporado ao expediente emitido polo Xefe do Servizo de Deportes relativo a non separación en lotes do presente contrato no que se conclúe que:

“Polo tanto, a xuízo deste servizo, e no relativo ao cumprimento do establecido no artigo 99.3 da LCSP, no que respecta á división en lotes dunha licitación, a xuízo do Servizo de Deportes, considérase xustificada a non división en lotes da contratación do patrocinio publicitario deportivo CD LUGO SAD co fin de promocionar a marca A Deputación de Lugo co Deporte ou calquera outra marca/imaxe/mensaxe da Deputación de Lugo/Provincia De Lugo, anualidade 2019, dado que pola

¹Sanmartín Mora M. A. “La contratación de publicidad institucional en la nueva ley de contratos del sector público”, en Observatorio de Contratación Pública (<http://www.obcp.es/>), sección Opinión, de 20/12/2018



propia natureza das prestacións obxecto do contrato anteriormente sinaladas, no presente procedemento non sería posible promover a concorrência e polo tanto non se consideraría procedente tal división, sen menoscabo do que finalmente considere e determine o servizo de Contratación e Fomento.”

No amentando informe, faise mención ao sinalado no apartado V do Preámbulo da LCSP, onde o lexislador, tras describir algunha das medidas que esta lei introduce en beneficio das PEMES, sinala textualmente que:

“Además de las anteriores, se encuentran aquí como medidas de apoyo a las PYMES todas las medidas de simplificación del procedimiento y reducción de cargas administrativas, introducidas con el objetivo de dar un decidido impulso a las empresas. Como medidas más específicas, se ha introducido una nueva regulación de la división en lotes de los contratos (invirtiéndose la regla general que se utilizaba hasta ahora, debiendo justificarse ahora en el expediente la no división del contrato en lotes, lo que facilitará el acceso a la contratación pública a un mayor número de empresas(...)).” A LCSP invierte a regra xeral no que respecta á división en lotes co obxecto de facilitar o acceso á contratación pública a un maior número de empresas. Dado que no presente procedemento, pola propia natureza das prestacións a contratar, non é posible promover a concorrência e polo tanto facilitar o acceso a esta licitación a un maior número de empresas, sendo esta a finalidade última do lexislador ao establecer como regra xeral a división en lotes dos contratos, queda totalmente xustificada a non división nesta licitación.

Consta no expediente Informe do Servizo de Deportes no que faise mención a que se coidou que o orzamento base de licitación sexa axeitado aos prezos de mercado, sendo, por tanto, o prezo total do contrato adecuado para o seu efectivo cumprimento. Tivéronse en conta todos os custos directos e indirectos así coma o beneficio industrial, de acordo co estipulado nos artigos 100 e 101 da LCSP.

Non se prevé no PCAP a revisión de prezos.

Considerando que, en cumprimento do acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo de data 22 de maio do 2019, cursouse convite con data 6 de xuño do 2019 ao

CD LUGO S.A.D., para presentar oferta, a través do Perfil do Contratante da Deputación de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na plataforma de contratos do Sector Público.

Visto que de conformidade coa minuta acta da mesa de contratación de data 26 de xuño do 2019 e da certificación dos acordos adoptados en dita mesa, pola Presidencia infórmase á Mesa, que segundo os datos que constan na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento foron os seguintes:

LICITADOR	DATA E HORA DE PRESENTACIÓN DA OFERTA
CD LUGO S.A.D.	19-06-2019 13:54

Tendo en conta que a única empresa concorrente á licitación presentou en tempo e forma a súa proposta, procédese á apertura e exame do sobre electrónico “A” (documentación administrativa). Resultando que a empresa CLUB DEPORTIVO LUGO S.A.D., presenta a á documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (artigo 140 da LCSP) esixida nos pregos de cláusulas administrativas (en diante PCAP) debidamente cumprimentada axustándose en todo o seu contido aos requisitos esixidos nos citados pregos, a mesa de contratación acorda admitir a proposta presentada.

Acto seguido procédese á apertura da documentación contida no Sobre electrónico B do licitador concorrente, relativa á oferta técnica e económica, que segundo o establecido na cláusula décimo cuarta do PCAP, deberá incluír a seguinte documentación:

“II.Sobre B " Oferta técnica e económica”

Conterá as especificacións técnicas das prestacións a realizar de conformidade co previsto no prego de prescricións técnicas, e o Anexo III, relativo á oferta económica, debidamente cumprimentado. En caso de non presentarse oferta técnica xunto co Anexo III, entenderase que o licitador executará o contido estrito do prego de prescricións técnicas, que en todo caso ten a condición de mínimo.



A oferta económica deberá indicar en partida independiente o importe do Imposto sobre o Valor Engadido que deberá ser repercutido. Aqueles licitadores que se atopen exentos do Imposto sobre o Valor Engadido polas causas previstas na Lei reguladora de devandito imposto deberán presentar a documentación acreditativa desta circunstancia.”

A Mesa de Contratación, tras unha somera análise, comproba que a empresa CLUB DEPORTIVO LUGO S.A.D., achega documento debidamente asinado contendo a oferta técnica, xunto co anexo III (modelo da proposición económica), relativo aos criterios de adxudicación segundo o previsto na cláusula 12 do PCAP (Fase 1 do proceso de valoración de ofertas). O contido do Anexo III resúmese na seguinte táboa:

LICITADOR	ANEXO III. Modelo da proposición económica CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN	
	PREZO (Ata 60 puntos)	
	Oferta	Puntuación
CLUB DEPORTIVO LUGO S.A.D..	305.000,00 € (IVE non engadido)	15 puntos

Tras a apertura do sobre B, a Mesa de Contratación adopta os seguintes acordos:

Dar traslado ao Servizo de Deportes, da oferta técnica presentada pola empresa CLUB DEPORTIVO LUGO S.A.D., co obxecto de que por parte de dito servizo se emita informe respecto da adecuación da oferta técnica ao previsto polo PPT.

Iniciar a fase de negociación (Fase 2 do proceso de valoración de ofertas), condicionada á adecuación da oferta técnica presentada pola empresa CLUB DEPORTIVO LUGO S.A.D. ao previsto no PPT de acordo co informe que por parte do Servizo de Deportes se emita ao respecto.

Con data 10 de xullo do 2019, réunese novamente a Mesa de Contratación, tal e como consta na minuta da acta que obra no expediente e na certificación dos acordos adoptados en dita mesa.

Nese acto, dáse conta do informe do Xefe do Servizo de Deportes en relación á adecuación da oferta técnica presentada polo CLUB DEPORTIVO LUGO S.A.D. ao previsto no prego de prescricións técnicas (en diante PPT). O mencionado informe, que obra no expediente, sinala na súa parte conclusiva que:

“En consecuencia, a xuízo de quen asina e en aplicación do previsto nos pregos de condicións administrativas e técnicas, respectivamente, considérase preciso, -de proceder-, que se solicite a CLUB DEPORTIVO LUGO SAD, as aclaracións correccións, e/ou modificacións precisas con relación á documentación remitida polo servizo de Contratación da mesa de contratación do patrocinio publicitario deportivo de equipos (sociedades anónimas) de categorías estatais de fútbol e baloncesto co fin de promocionar a marca A Deputación de Lugo co Deporte ou calquera outra marca/imaxe/mensaxe da Deputación de Lugo /Provincia de Lugo. Club Deportivo Lugo SAD. Disciplina: Fútbol.”

A Mesa acorda en virtude do mencionado informe concederlle un prazo de tres días hábiles ao CLUB DEPORTIVO LUGO S.A.D., para que aclare a oferta presentada nos termos previstos no informe do Xefe do Servizo de Deportes, que en todo caso non suporá unha modificación dos termos da oferta, ben por variar o seu sentido, ben por incorporar outros inicialmente non previstos.

Practicado o requirimento de aclaracións sinalado ao Club Deportivo Lugo S.A.D, o mencionado club, procede a dar cumprimento a dito trámite dentro do prazo outorgado ao efecto.

Con data 2 de agosto do 2019, reúnese novamente a Mesa de Contratación, tal e como consta na minuta da acta que obra no expediente e na certificación dos acordos adoptados en dita mesa.

En dito acto infórmase aos asistentes en primeiro lugar, que na sesión celebrada pola Mesa na data do 10 de xullo do 2019, acordouse, requirir ao Club Deportivo Lugo S.A.D. para que, no prazo de 3 días hábiles contados a partir do seguinte no que se recepcione polo licitador o requirimento que se practique ao efecto, aclare aquelas cuestións da súa oferta técnica reflectidas no informe do Xefe de Servizo de Deportes do que se deu conta en dita mesa, co límite de non alterar ou modificar polo Club Deportivo Lugo S.A.D a súa oferta inicialmente presentada. Realizados dito requirimento de aclaración, o Club Deportivo Lugo S.A.D, como así consta no expediente, deu debido cumprimento aos mesmo dentro dos prazos establecidos ao efecto.

A continuación, toma a palabra o Xefe do Servizo de Deportes, invitado a esta sesión para



dar conta do informe por el emitido en relación ao documento de aclaracións presentado polo Club Deportivo Lugo S.A.D, e que na súa parte conclusiva sinala o seguinte:

“En consecuencia, a xuízo de quen asina, á vista da documentación achegada e de acordo co reflectido no informe do servizo de Deportes de data 4 de xullo de 2019 e do previsto nos pregas de condicións técnicas, considéranse cumpridas as aclaracións relativas á oferta de CLUB DEPORTIVO LUGO SAD, da contratación do patrocinio publicitario deportivo de equipos (sociedades anónimas) de categorías estatais de fútbol e baloncesto co fin de promocionar a marca A Deputación de Lugo co Deporte ou calquera outra marca/imaxe/mensaxe da Deputación de Lugo /Provincia de Lugo. Club Deportivo Lugo SAD. Disciplina: Fútbol.”

A Mesa acorda, en virtude do mesmo, considerar suficientes as aclaracións presentadas e admitir a proposta presentada polo licitador ao considerar que cumpre coas determinacións establecidas no prego de prescricións técnicas reitor da presente contratación.

No mesmo acto, dáse conta da proposta presentada polo Club Deportivo Lugo S.A.D.en relación aos criterios obxecto de negociación, cos seguintes resultados:

LICITADOR	CRITERIOS DE NEGOCIACIÓN (Fase 2 do proceso de valoración)		
CD LUGO SAD	PROPOSTA DE CESIÓN DE ENTRADAS PARA O ACCESO AOS PARTIDOS Á DISPUTAR COMO LOCAL DURANTE O PERÍODO DE DURACIÓN DO CONTRATO		PUNTUACIÓN TOTAL FASE 2
	Oferta	Puntuación	
	- 25 entradas por partido que se dispute como local (aprox. 200 entradas por duración de contrato)	0 puntos	
	2. PROPOSTA DE REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS CON FINS DE INTERESE SOCIAL		
	Oferta	Puntuación	
	- Programa “OS NOSOS MAIORES”. Durante un mes e unha vez a semana, persoal do club visitará aquelas residencias de maiores nas que nos autoricen a visitar aos nosos maiores e facer actividades con eles (poderán visitalos un preparador físico para darlles unha charla ou facer actividades de mantemento físico, a nutricionista do club que poderá falarlles da alimentación na súa idade, o místico e xogadores tanto do primeiro equipo coma do filial, equipo feminino, etc.... que poderán facer distintas actividades cos maiores)	5 puntos	
			5 puntos

En relación ao primeiro dos criterios de negociación, relativo á proposta de cesión de entradas para o acceso aos partidos a disputar como local durante o período de duración do contrato, e tal e como figura no PCAP e no modelo de proposta para a fase de negociación, o licitador debía ofertar un número total de entradas para o acceso aos mencionados partidos durante o período de duración do contrato e non, como así oferta o licitador, un número determinado de entradas para cada partido. Ao ofertar sobre o número de entradas por partido non é posible

determinar o número total de entradas ofertadas xa que en función da data de inicio das prestacións obxecto do contrato este número pode sufrir alteracións. A este respecto no propio PCAP e no modelo de proposta para a fase de negociación en relación a este criterio establécese textualmente:

“As entradas ofertadas en relación a este criterio serán para o total de partidos a disputar como local durante o período de duración do contrato. A distribución do total de entradas ofertadas entre os partidos que finalmente dispute como local o Club Deportivo Lugo, consensuarse entre o contratista e a Administración durante a execución do contrato, en función das necesidades e da dispoñibilidade de ambas partes. Exclúese a posibilidade de concentrar nun único partido o total de entradas ofertadas”

Considerando o anterior, a Mesa de contratación acorda non valorar a proposta presentada polo CD Lugo SAD en relación ao criterio de negociación número 1 e en consecuencia outorgarlle unha puntuación de 0 puntos por este criterio. Non obstante o anterior, faise constar expresamente que deberá cumprir coa súa proposta de ceder 25 entradas por partido en cada un dos partidos a disputar como local durante o período de duración do contrato.

Aclarada esta cuestión, a suma das puntuacións obtidas polo licitador no proceso de valoración (Fase 1 e Fase 2) resúmese na seguinte táboa:

LICITADOR	PUNTUACIÓN FASE 1 (Criterios de adjudicación)	PUNTUACION FASE 2 (Criterios de negociación)	TOTAL
CD LUGO SAD	15 puntos	5 puntos	20 puntos

Rematadas os cálculos para a obtención das puntuacións totais no expediente de referencia, a mesa de contratación, considerando que a proposta da única empresa concorrente se axusta aos requisitos mínimos esixidos nos pregos de cláusulas administrativas acorda, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Clasificar aos licitadores admitidos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	CD LUGO SAD	20 puntos



Requirir á empresa CD LUGO SAD, único licitador concorrente no expediente de contratación, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

O Sr. Presidente da Excm. Deputación de Lugo aceptou a proposta feita pola mesa de contratación con data 2 de agosto do 2019 e consecuentemente, con data 26 de setembro 2019 resolveu requirir á empresa CLUB DEPORTIVO LUGO S.A.D., único licitador concorrente no expediente de contratación, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas. En base á amentada resolución, o Servizo de Contratación e Fomento cursou o pertinente requirimento, na data do 27 de setembro do 2019. Esta documentación presentouse pola entidade referida con data 9 de outubro do 2019.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Reglamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011): aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018; nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.”

Polo que vai dito e en base ao mesmo, e tendo en conta que á empresa CLUB DEPORTIVO LUGO S.A.D., aportou a documentación administrativa requirida dentro dos prazos outorgados ao efecto, proponse, que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a contratación do patrocinio publicitario deportivo de equipos (sociedades anónimas) de categorías estatais de fútbol e baloncesto co fin de promocionar a marca a

Deputación de Lugo co deporte ou calquera outra marca/imaxe/mensaxe da Deputación de Lugo /Provincia de Lugo. CD LUGO SAD. Disciplina: Fútbol. Anualidade 2019-, a favor da empresa CLUB DEPORTIVO LUGO S.A.D.

De acordo co previsto no artigo 150.3 da LCSP, nos procedementos negociados, de diálogo competitivo e de asociación para a innovación, a adxudicación concretará e fixará os termos definitivos do contrato.

As prestacións dimanantes da fase de negociación, son as seguintes:

CRITERIOS DE NEGOCIACIÓN (Fase 2 do proceso de valoración)
PROPOSTA DE CESIÓN DE ENTRADAS PARA O ACCESO AOS PARTIDOS Á DISPUTAR COMO LOCAL DURANTE O PERÍODO DE DURACIÓN DO CONTRATO
- 25 entradas por partido que se dispute como local (aprox. 200 entradas por duración de contrato)
INCREMENTO NO NÚMERO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS CON FINS DE INTERESE SOCIAL
- Programa "OS NOSOS MAIORES". Durante un mes e unha vez a semana, persoal do club visitará aquelas residencias de maiores nas que nos autoricen a visitar aos nosos maiores e facer actividades con eles (poderán visitalos un preparador físico para darlles unha charla ou facer actividades de mantemento físico, a nutricionista do club que poderá falarlles da alimentación na súa idade, o místico e xogadores tanto do primeiro equipo coma do filial, equipo feminino, etc.... que poderán facer distintas actividades cos maiores).

En consecuencia, os termos definitivos das prestacións a efectuar pola adxudicataria, proceden das esixencias e cumprimento do establecido nos pregos reitores da presente contratación, da oferta inicial e do resultado final da fase de negociación.

O prazo de duración/execución do contrato estenderase desde a data na que se inicie a prestación do servizo ata o 31 de decembro do 2019.

O contrato adxudícase por importe de 305.000,00 € euros, aos que habería que engadir 64.050,00 € en concepto de IVE (21%) o que fai un total de 369.050,00 €.

Constitúen condicións especiais de execución ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f) da LCSP, en cumprimento do artigo 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do prego de cláusulas administrativas particulares, coas melloras dimanantes da oferta presentada pola adxudicataria. O incumprimento destas condicións especiais de execución, cualificadas como obrigas contractuais esenciais constitúe causa de resolución contractual.



Constitúen condicións especiais de execución sen a cualificación de obrigas contractuais esenciais e cuxo incumprimento permitirá aplicar as penalidades impostas polo órgano de contratación, ás recollidas na cláusula 22.3 do prego de cláusulas administrativas particulares.

O contratista virá obrigado ao cumprimento da súa oferta inicial e da súa proposta final en relación aos criterios obxecto de negociación, que terá carácter contractual, ao igual que os pregos de condicións reitores, que deberá igualmente cumprir.

2º.- Publicar no perfil do contratante e notificar ao licitador, a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale na notificación da adxudicación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación ao licitador, sen que se houberse interposto recurso que leve aparellada a suspensión da formalización”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Proposta relativa á modificación do convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada por esta Deputación de Lugo á entidade Asociación de Veciños e Veciñas de San Salvador de Villarmide co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Reforma interior parcial de local” na anualidade 2019.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, de data 16 de outubro de 2019, no que literalmente se di:

“Asunto: Modificación do convenio da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Asociación de Veciños e Veciñas de San Salvador de Villarmide, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Reforma interior parcial de local” (Antiga escola de Villarmide, no municipio da Pontenova), durante a anualidade 2019, polo importe de 23.750,00€.

Vista o escrito do presentado polo representante da Asociación de Veciños e Veciñas de San Salvador de Villarmide, emítese o seguinte informe,

Antecedentes de feito:

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 24 de maio de 2019, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“1º.-Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 23.750,00€ a favor da entidade Asociación de Veciños e Veciñas de San Salvador de Villarmide, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Reforma interior parcial de local”, subvención incluída na Liña 1.1– Xeración de riqueza, pertencente á área funcional de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

2º.- Aprobar o gasto de 23.750,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, a favor da entidade Asociación de Veciños e Veciñas de San Salvador de Villarmide, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Reforma interior parcial de local”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención e que se incorpora ao expediente.”



O convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Excma. Deputación Provincial de Lugo á entidade Asociación de Veciños e Veciñas e San Salvador de Villarmide co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Reforma interior parcial de local”, na anualidade 2019, asinouse o 24 de maio de 2019.

No amentado convenio de colaboración non se contempla a posibilidade de aboar cantidade algunha en concepto de anticipo.

O 16 de setembro de 2019 o representante da Asociación de Veciños e Veciñas de San Salvador de Villarmide remitiu ao Servizo de Contratación e Fomento, a través do rexistro electrónico común, escrito no que literalmente se di:

“ (...)

En relación ao Convenio asinado coa Deputación Provincial de Lugo en data 24/05/2019 co obxectivo de colaborar no financiamento dos gastos derivados de execución da actuación “Reforma interior Parcial de Local” na escola de Villarmide.

Solicito:

A modificación do mencionado convenio co fin de solicitar un anticipo debido a que a Asociación presenta notorias dificultades de carácter económico par poder realizar a actividade sen o anticipo correspondente.”

O 15 de outubro de 2019 o representante da Asociación de Veciños e Veciñas de San Salvador de Villarmide remitiu ao Servizo de Contratación e Fomento, a través do rexistro electrónico común, escrito no que literalmente se di:

“(...)

En relación ao Convenio asinado coa Deputación Provincial de Lugo en data 24/05/2019 co obxectivo de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Reforma Interior Parcial de Local” na escola de Villarmide.

Visto que en data 16/09/2019 con rexistro de entrada na Deputación Provincial de Lugo número se remitiu unha solicitude de modificación do convenio solicitando o anticipo correspondente debido as notorias dificultades económicas que presenta a asociación para a realización da actividade.

Vista a falta da mención da cantidade exacta que se solicita, enviamos un novo escrito no cal aclaramos que se solicita o 50% da subvención concedida, exactamente 11.875,00€, co cal complementamos a solicitude anterior.”

Deste xeito, preténdese unha modificación do amentado convenio canalizador da subvención directa excepcional, no sentido de incluír no mesmo a posibilidade do aboamento anticipado do 50% do importe da subvención concedida, é dicir, 11.875,00€, con dispensa de garantía, e que implica a modificación e inclusión das seguintes cláusulas do mesmo:

Modificar a cláusula oitava (xustificación e aboamento das subvencións), que quedará redactada da seguinte forma:

“Unha vez finalizada a actividade, acción ou comportamento, a Entidade beneficiaria deberá xustificar a acción, proxecto ou conducta subvencionada, e en todo caso, como máximo o 31 de marzo de 2020. Logo de transcorrer este prazo sen ter presentada a documentación xustificativa, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa achegada.

No desenvolvemento deste trámite aplicarase o previsto no artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro en canto a declarar, aos interesados, decaídos no seu dereito a este trámite.

A xustificación da subvención realizarase de acordo co disposto no art. 30 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo



polo que se aproba o seu regulamento, na Ordenanza Xeral de subvencións da Excma. Deputación Provincial e do INLUDES (arts. 19 e s.s.), e na Base 24 das do orzamento xeral vixente.

A xustificación da subvención realizarase mediante a achega, por parte da Entidade beneficiaria, da seguinte documentación xustificativa:

Solicitud debidamente cumprimentada.

Memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio canalizador da subvención, con indicación das actividades realizadas, o custo total e os resultados obtidos, debidamente asinada pola persoa responsable.

Memoria económica xustificativa do custo da actividade subvencionada, que conterà:

Declaración do custo total da actividade subvencionada, indicando os importes do financiamento (debendo constar o nome da actuación subvencionable e a anualidade).

Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade subvencionada, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pago (debendo constar o nome da actuación subvencionable e a anualidade).

No caso de relacionarse nóminas, deben vir desglosados: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.

Soamente será necesario indicar as datas de pago das facturas que se imputan á Deputación Provincial de Lugo.

Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación á que fai referencia o parágrafo anterior achegándoas polo custe total da actuación subvencionada. Os documentos acreditativos dos gastos que se acompañen terán que ser orixinais e poderán ser devoltos á Entidade beneficiaria, beneficiaria da subvención, se así o solicita, unha vez estampillados polo órgano xestor.

Certificacións de obra e acta de recepción da mesma. Esta documentación poderá ser substituída, previa comunicación á Deputación polo beneficiario, por un informe favorable emitido por un técnico competente desta entidade trala súa comprobación “*insitu*”.

Dúas fotografías do investimento realizado.

Compromiso da entidade beneficiaria de destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu esta subvención, por un período mínimo de dous anos.

Declaración responsable na que se indique e xustifique a causa das desviacións, que de ser o caso, acaeceran entre o orzamento estimado e o gasto efectivamente xustificado.

Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación da presente subvención, tendo en conta que, segundo o establecido no artigo 7 da Lei 7/2012, de 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude, non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 2.500,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira. A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.2 da Lei 10/2010, de 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concebidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se pague en efectivo deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo en data _____” asinado polo receptor, con identificación do mesmo (NIF, nome e apelidos).



Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto ao contido das facturas, éstas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012 do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. (Aplicarase a normativa vixente en cada momento).

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade, acción ou comportamento obxecto da subvención foi realizada, na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no presente convenio.

Declaración responsable na que se faga constar que a Entidade beneficiaria non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

Declaración responsable de que o beneficiario asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, e que este extremo se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste a conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

No caso de non tramitarse o anticipo contemplado neste convenio, a Entidade beneficiaria achegará a documentación que acredite que conta cos permisos ou autorizacións requiridas para realizar as actuacións proxectadas, que son obxecto desta subvención.

No caso de non executarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentarase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-85-3110000****. De non cumprirse esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pago da achega até a data na que se acorde a procedencia do reintegro, ou a data na que o debedor ingrese o reintegro se é anterior a ésta.

O abono da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada pola Entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu abono no caso de que a Entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

A falta de xustificación da subvención concedida, conforme ao réxime determinado nesta cláusula, conlevará a incoación do procedemento para declarar a perda do dereito a subvención; no caso de ter percibido algún anticipo ou pago a conta a tramitación do correspondente procedemento de reintegro e demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.

Procederá o reintegro, en todo caso, dos fondos percibidos, nos supostos de incumprimento da xustificación e dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión da subvención e nos demais casos previstos neste convenio ou na normativa de aplicación.

Engadir a cláusula adicional de anticipos:



Anticipos

A Excm. Deputación Provincial de Lugo poderá realizar o aboamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 11.875,00€, con dispensa de garantía, tendo en conta a solicitude da Entidade beneficiaria que obra no expediente.

A lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no seu artigo 34.4. establece que poderán realizarse pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

De acordo coa base 24ª.8 das Bases de Execución do Orzamento vixente, poderán realizarse anticipos a conta de subvencións superiores ou iguais a un importe de 3.000,00€, con dispensa de garantía, naquelas circunstancias debidamente motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actividade doutro xeito.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando fose solicitada a declaración de concurso voluntario, ter sido declarados insolventes en calquera procedemento, ter sido declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ter sido inhabilitados conforme á Lei 22/2003, do 9 de xullo, Concursal, senque concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Para o aboamento do devandito anticipo a Entidade beneficiaria deberá achegar a seguinte documentación:

Solicitude do anticipo.

Certificados acreditativos de estar acoorrente das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

Declaración responsable na que se faga constar que a Entidade beneficiaria non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Documento bancario no que se indique o número de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do correspondente anticipo, unha vez tramitada a documentación achegada.

Detalle do nivel de execución do gasto, indicativo da fase na que se atopa a realización da actuación subvencionada, que poderá ser acreditado mediante a achega de facturas ou documentos de valor probatorio no tráfico mercantil.

Documentación que acredite que conta cos permisos ou autorizacións requiridas para realizar as actuacións proxectadas, que son obxecto desta subvención.

Consideracións xurídico-administrativas:

O artigo 22.2 c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, dispón que se poderán conceder de forma directa ás seguintes subvencións:

“(…) c).-Con carácter excepcional, aquelas outras subvenciones en que se acrediten razones de interés público, social, económico o humanitario, u otras debidamente justificadas que dificulten su convocatoria pública”.

De acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local son competencias propias da Deputación, entre outras, a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Este é o caso da Lei 5/1997, de 22 de xullo,



reguladora da Administración Local de Galicia, establece no seu artigo 118 que compete ás Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento do mesmo.

Debe tomarse en consideración ademais, no relativo a non consideración como exercicio de novas competencias, o establecido no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro de racionalización e sostenibilidade da Administración Local. A maior abastanza, esta determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, citada nos distintos informes incorporados ao expediente, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas entidades.

No artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, se establece que:

“Cando o convenio instrumento unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e a normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable”.

A solicitude presentada polo representante da Asociación de Veciños e Veciñas de San Salvador de Villarmide supón a vontade de cumprir cos compromisos asumidos no convenio e alcanzar así a finalidade pretendida, isto é, os fins de interese público ou xeral que xustifican esta acción de fomento.

A estes efectos cabe lembrar o recollido no artigo 20 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das AAPP cando, en relación coa responsabilidade da tramitación, establece que:

“1. Os titulares das unidades administrativas e o persoal ao Servizo das Administracións Públicas que tivesen ao seu cargo a resolución e o despacho dos asuntos, serán responsables directos da súa tramitación e adoptarán as medidas oportunas para remover os obstáculos que impidan, dificulten ou retrasen o exercicio pleno dos dereitos dos interesados e o respecto aos seus intereses lexítimos dispoñendo o necesario para evitar e eliminar toda anormalidade na tramitación dos procedementos”.

Segundo o establecido na base 24.8, de execución do orzamento provincial para o ano 2019, poderán realizarse anticipos a conta de subvencións superiores ou iguais a un importe de 3.000,00€, con dispensa de garantía, naquelas circunstancias debidamente motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actividade doutro xeito.

A Entidade beneficiaria solicita o aboamento anticipado do 50% sobre o importe total da subvención outorgada, é dicir, a cantidade de 11.875,00€, con dispensa de garantía, indicando notorias dificultades de carácter económico para poder realizar a actividade subvencionada, e tendo en conta que non se aprecia risco de incumprir as obrigas que se deriven do convenio que se vai asinar, cabe, a xuízo da persoa que informa e ao amparo do establecido no artigo 42.2 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na base 24.8 das Bases de Execución do Orzamento da Excm. Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, que o aboamento da subvención se realice mediante un anticipo a conta de 11.875,00€ con dispensa de garantía, unha vez asinada a addenda ao convenio canalizador da subvención, cumprindo os trámites establecidos ao efecto e aboando o 50% restante, é dicir, 11.875,00€, unha vez aprobada a documentación xustificativa da subvención. Non obstante, a conxuntura e estratexia da estabilidade orzamentaria e/ou equilibrio orzamentario ou ben a regra de gasto, pode demandar que se demore este acto administrativo de aprobación do anticipo, cunha previa solicitude dos interesados, unha vez asinada a addenda ao convenio e en función do grado efectivo de execución.



Na cláusula undécima (vixencia do Convenio e modificación) da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Asociación de Veciños e Veciñas de San Salvador de Villarmide, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Reforma interior parcial de local”, na anualidade 2019, establécese que, “A vixencia do convenio estenderase ata a aprobación da súa xustificación e comezará no momento da súa sinatura, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2019, aínda que en calquera momento e antes da finalización deste prazo, os asinantes do convenio poderán acordar de mutuo acordo a súa prórroga, por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción. A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro de 2021, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2020, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

(...)

Calquera modificación e/ou ampliación do presente convenio efectuarase por acordo entre as partes, mediante a subscrición da addenda de modificación respectiva.”

Polo tanto, o convenio está vixente e pode modificarse por acordo das partes.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, posto que lle é de aplicación a lexislación de subvencións.

En canto ao órgano competente do ente provincial para a modificación do convenio no que se instrumenta a subvención directa excepcional de referencia é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no Regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (publicado no BOP de Lugo núm. 56, de 10 de marzo de 2011) e por ser este o órgano que aprobou a mesma, e en base ao establecido na base 24.4 das Bases de Execución do Orzamento provincial para o ano 2019, que

recolle que o órgano competente é a Xunta de Goberno cando o importe individual sexa igual ou superior a 15.000,00€.

En consecuencia, informase favorablemente a modificación do convenio da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Asociación de Veciños e Veciñas de San Salvador de Villarmide, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Reforma interior parcial de local”, na anualidade 2019, no sentido de incluír no mesmo a posibilidade do aboamento anticipado do 50% do importe da subvención concedida, é dicir, 11.875,00€, con dispensa de garantía.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Modificar a cláusula oitava (xustificación e aboamento das subvencións), do convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Asociación de Veciños e Veciñas de San Salvador de Villarmide, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Reforma interior parcial de local”, na anualidade 2019, asinado o 24 de maio de 2019, e engadir ao mesmo unha cláusula adicional de anticipos, nos termos da addenda incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio de referencia”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE INFORME RELATIVO Á LEIRA Nº 7 DA OBRA 117/03 O CORGO-BARALLA.- C.P. “SOBRADO-SOUTO DE TORRES”, ENSANCHE Y MEJORA DEL P.K. 0,000 AL 1,500.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe emitido polo Xefe do Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos, en relación coa peza do expediente expropiatorio relativo á leira nº 7 da obra : 117/03 O CORGO-



BARALLA. C.P. “SOBRADO-SOUTO DE TORRES”.- Ensanche y mejora del P.K. 0.000 al 1.500, que dí:

“En fecha 19 de julio de 2019 D. Francisco López Neira y Dña. María del Carmen López Neira, presentan un escrito de solicitud de reversión de los terrenos y bienes expropiados en la finca denominada nº 7, incluida dentro del expediente expropiatorio nº 117/03 P.O.S. 2003 CORGO-BARALLA.-C.P. “SOBRADO-SOUTO DE TORRES”. Ensanche y mejora del P.K. 0,000 al 1,500 y del P.K. 1,500 al 3,335, manifestando textualmente:

“A fecha de hoy han transcurrido mas de cinco años desde la toma de posesión del bien expropiado sin que se haya iniciado la ejecución de la obra para cuyocumplimiento se expropiaron nuestrosbienes. (...)”

Sobre esta solicitud, procede informar:

Que este Servizo de expropiacións e control de proxectos de ratifica en la manifestado en su escrito de fecha 20 de febrero de 2019 número de rexistro xeral 2147.

Que, tal como se decía el aludido escrito, no se dan las circunstancias legales para que puedanejercitar el derecho de reversión por Vds. solicitado.”

Propónse á Xunta de Goberno que se adopte o seguinte acordo:

Aprobar o informe sobre a solicitude de D. José Francisco Y Mª del Carmen López Neira, relativa a leira Nº 7 da obra: 117/03 O CORGO-BARALLA. C.P. “SOBRADO-SOUTO DE TORRES”.- Ensanche y mejora del P.K. 0.000 al 1.500”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABAJO.

Visto o informe do Xefe do Servizo de Vías e Obras, en relación co epígrafe do presente asunto, manifestando que se produciu un erro na redacción do mesmo, corríxese dito erro quedando o epígrafe do seguinte xeito: **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS PLANS DE PREVENCIÓN PARA A EXECUCIÓN DE DIVERSAS OPERACIÓNS DE CONSERVACIÓN.**

Vistos os Plans de prevención dos servizos que se indican, presentados polos contratistas adxudicatarios, en cumprimento do disposto nos Pregos de Prescricións Técnicas particulares e informe emitido polo director facultativo así como as propostas da Presidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

1º.- Aprobar os Plans elaborados para a súa aplicación ó servizo que se relaciona.

2º.- Comunicar esta aprobación ó director facultativo e contratista, para o seu cumprimento durante a execución da prestación.

SERVIZOS DOS QUE SE APROBAN OS PLANS DE PREVENCIÓN

-Conservación na R.V.P. 2019-2021. Zona 1: Vicedo, Viveiro, Xove, Burela, Cervo, Ouro, Muras, Xermade, Vilalba.

Contratista: CARFERLO, S.L.

-Conservación na R.V.P. 2019-2021. Zona 2: Valadouro, Foz, Alfoz, Barreiros, Lourenzá, Ribadeo, Trabado, Mondoñedo, Abadín, Pontenova, Riotorto, Pastoriza.

Contratista: CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO, S.L.

-Conservación na R.V.P. 2019-2021. Zona 4: Monterroso, Antas de Ulla, Portomarín, Páramo, Sarria, Paradela, Guitiriz, Begonte, Friol, Guntín.

Contratista: NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.



6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/047.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

“Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/047, correspondente á sociedade civil Ganados Bran Vidal, S.C. (Friol), destinada á incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 3,78Has, concedéndolle unha subvención por importe de 1.890,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

A sociedade civil Ganados Bran Vidal, S.C., presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 10 de agosto de 2018.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de decembro de 2018 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da sociedade civil Ganados Bran Vidal, S.C., tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/047, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 1.890,00€, así como ao aboamento da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/050.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

“Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/050, correspondente a Oscar López Sánchez (Sarria), destinada á incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 2,71 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 1.355,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

Oscar López Sánchez, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 10 de agosto de 2018.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:



Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de decembro de 2018 por acordo da Xunta de Goberno, a favor de Oscar López Sánchez, tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/050, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 1.355,00€, así como ao aboamento da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/052.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

“Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/052, correspondente a Purificación Fuente Maceda (O Incio), destinada á incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 6,15 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 3.075,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

Purificación Fuente Maceda, presentou fora do prazo establecido a conta xustificativa correspondente á devandita subvención, con todo, realizou as actuacións en forma e condicións establecidas nas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 10 de agosto de 2018.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de decembro de 2018 por acordo da Xunta de Goberno, a favor de Purificación Fuente Maceda, tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/052, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 3.075,00€, así como ao aboamento da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/056.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

“Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/056, correspondente a M^a Josefa Argerey Castiñeira (Friol), destinada á incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 1,24 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 620,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

M^a Josefa Argerey Castiñeira, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 10 de agosto de 2018.



Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de decembro de 2018 por acordo da Xunta de Goberno, a favor de M^a Josefa Argerey Castiñeira, tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/056, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 620,00€, así como ao aboamento da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/060.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

“Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/060, correspondente á sociedade civil Ganadería Rúa, S.C. (Guitiriz), destinada á incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 18,00Has, concedéndolle unha subvención por importe de 9.000,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

A sociedade civil Ganadería Rúa, S.C., presentou fora do prazo establecido a conta xustificativa correspondente á devandita subvención, con todo, realizou as actuacións en forma e condicións establecidas nas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 10 de agosto de 2018.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de decembro de 2018 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da sociedade civil Ganadería Rúa, S.C., tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/060, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 9.000,00€, así como ao aboamento da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/075.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

“Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/075, correspondente a José Vázquez Castro



(Lugo), destinada á incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 3,88 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 1.940,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

José Vázquez Castro, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 10 de agosto de 2018.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de decembro de 2018 por acordo da Xunta de Goberno, a favor de José Vázquez Castro, tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/075, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 1.940,00€, así como ao aboamento da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/106.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

“Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/106, correspondente á sociedade civil Ana y Alejandro, S.C. (A Pontenova), destinada á incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 5,48Has, concedéndolle unha subvención por importe de 2.740,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

A sociedade civil Ana y Alejandro, S.C., presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 10 de agosto de 2018.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de decembro de 2018 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da sociedade civil Ana y Alejandro, S.C., tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/106, destinada á “incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 2.740,00€, así como ao aboamento da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE



**APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018
“RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN
DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/161.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

“Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/161, correspondente á sociedade civil A Carreira, S.C. (Guitiriz), destinada á incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 1,9118 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 955,90 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

A sociedade civil A Carreira, S.C., presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 10 de agosto de 2018.

Sobre a conta xustificativa (a parte efectiva da actuación é de 1,4350 Has, o que supón un 75,06% da subvención concedida), emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de decembro de 2018 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da sociedade civil A Carreira, S.C., tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/161, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 717,50 €, así como ao aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/163.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

“Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/163, correspondente a Estefanía López Vázquez (Navia de Suarna), destinada á incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 6,4963 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 3.248,15 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

Estefanía López Vázquez, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 10 de agosto de 2018.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de decembro de 2018 por acordo da Xunta de Goberno, a favor de Estefanía López Vázquez,



tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/163, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 3.248,15€, así como ao aboamento da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- SOLICITUDE DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO PARA A CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO RESIDENCIAL NO CONCELLO DE POBRA DE BROLLÓN FORMULADA POLO ADXUDICATARIO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Con data de 13 de xuño de 2019 formalizouse contrato administrativo para a construción dun centro residencial no Concello da Pobra de Brollón coa adxudicataria Prado Lameiro SL.

O contratista formulou solicitude de resolución do contrato para a construción dun centro residencial no Concello da Pobra de Brollón, baseándose na demora inxustificada na comprobación do replanteo da obra, que se ten producido o 1 de outubro de 2019.

Na instrución de dito expediente foi emitido Informe pola xefa do servizo de arquitectura con CSV:IV6RUDADMEH4JDPMATQNIPR76I, no que conclúe que non procede estimar a solicitude de resolución contractual instada polo contratista .

Asímesmo emitíuse informe xurídico polo servizo de contratación e fomentoco conforme da Secretaria Xeral con CSV: IV6RWWXIDRE66XR3UJG54VA66Y do seguinte teor literal:

“Informe xurídico

Asunto: Solicitude de resolución do contrato para a construción dun centro residencial no Concello da Pobra de Brollón formulada pola adxudicataria Prado Lameiro SL,

Consta como antecedentes inmediatos ós efectos de emisión do presente:

Con data de 13 de xuño de 2019 formalizouse contrato administrativo para a construción dun centro residencial no Concello da Pobra de Brollón coa adxudicataria Prado Lameiro SL.

Solicitude de resolución do contrato para a construción dun centro residencial no Concello da Pobra de Brollón formulada pola adxudicataria Prado Lameiro SL, baseándose na demora inxustificada na comprobación do replanteo da obra.

Acta de comprobación do replanteo de data 1 de outubro de 2019, con observacións ó dorso.

Informe da xefa do servizo de arquitectura con CSV:IV6RUDADMEH4JDPMATQNIPR76I, no que conclúe que non procede estimar a solicitude do contratista nos seguintes termos:

“Como conclusión, entendemos, que no procede atender a la petición de contratista de resolución del contrato por la causa recogida en el artículo 245.a), invocada por la representante de la empresa en el escrito de 29 de julio que exige una demora injustificada en la comprobación de replanteo ya que por una parte no hay tal demora injustificada y por otra parte y en todo caso la demora producida se debe tanto a la actuación de la administración como del propio contratista.”

O respecto compre informar:

O procedemento para a resolución contractual detallase no artigo 109 do RCAP 1098/2001, para os casos de que se inicie a instancia da administración, no caso presente, toda vez que se ten instado polo contratista, e informado pola unidade xestora require a súa resolución polo órgano de contratación, previo informe xurídico, sen necesidade de recabar ditame consultivo tal e como razona a STS 52/2012 de 9 de xaneiro de 2012, emitíndose ó presente no marco do disposto no artigo 97 de dito corpo legal, e sen prexuízo da fiscalización pola intervención Provincial.

A solicitude de resolución polo contratista implicaría a finalización anormal do contrato. A precisa e indubitada concorrencia da causa invocada debe acreditarse de xeito que non se frustre a



finalidade pública do contrato xa perfeccionado para a satisfacción do interés xeral ó que serve e da necesidade que motivou o seu inicio .

A cuestión suscitada pola contratista, púxose de manifesto novamente no momento da comprobación do replanteo con data de 1 de outubro de 2019 a modo de reserva ó dorso, facendo constar igualmente D^a Mónica Marras Mosquera que non existía impedimento para a sinatura do documento.

Vista dita solicitude, e as manifestacións das partes asinantes da acta de comprobación do replanteo, con data 7 de outubro de 2019 a unidade xestora informou a través da xefatura do servizo de arquitectura, facendo relación das actuacións tendentes ó inicio da execución, así como informando a improcedencia de atender a solicitude de resolución contractual ó non darse o carácter inxustificado da demora na comprobación do replanteo, nin considerar que a responsabilidade desta demora corresponda en exclusiva a esta administración.

Asímesmo, se poñen de manifesto distintas obrigas do contratista non atendidas por este, vinculadas á súa oferta, e cuxa verificación debera ser previa á comprobación do replanteo. Visto o anterior, e dacordo co informado polo Servizo de arquitectura, a demora en cumprimentar a acta que marca o inicio das obras non se pode reputar inxustificada, decaendo o fundamento da solicitude do contratista e conseguintemente da indemnización solicitada por tal causa.

A importancia do carácter inxustificado e tal, que se configura como unha esixencia do lexislador, incorporando dita mención de xeito expreso na vixente LCSP nos seguintes termos “a) La demora injustificada en la comprobación del replanteo”.

Tal e como se indicaba no inicio do informe, non calquera demora habilita á resolución do contrato, senón unicamente aquela que teña o carácter de inxustificada, suposto que segundo o informado, non se da no caso que nos ocupa .

Tampouco se debe acoller unha interpretación que por analoxía omita a precisión introducida de xeito deliberado polo lexislador, polo que se conclúe que procede desestimar en tódolos seus extremos a solicitude feita polo contratista .

Conclusión:

Visto que segundo os informes e antecedentes citados non procede atender a solicitude de resolución formulada polo contratista, propono que a Xunta de Goberno Local como órgano de contratación adopte o seguinte acordo:

Desestimar a solicitude de resolución contractual do contrato para a construción dun centro residencial no Concello da Pobra de Brollón formulada por Prado Lameiro SL e conseguintemente da indemnización instada por esta causa.

Notificar a presente ó contratista con indicación de que Contra o presente acordo, que é definitivo en vía administrativa poderá interpoñer recurso de reposición no prazo de un mes ante o mesmo órgano que o ditou ou interpor directamente recurso contencioso-administrativo perante Xulgado Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados a partir do seguinte ó da recepción da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 46 da Lei 29/98, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Contra a resolución presunta do recurso de reposición, que terá lugar transcorrido un mes desde a interposición do mesmo sen que fora notificado, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante xulgado contencioso administrativo no prazo de seis meses, contado a partir do día seguinte a aquel en que a Resolución do referido recurso de reposición se debería ter notificado de forma expresa (un mes desde a interposición do mesmo), todo iso de acordo co disposto no artigo 46 da Lei 29/98, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa en relación cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo común e das Administracións Públicas.

Dar traslado do presente ó servizo de, o servizo de contratación e Fomento, e á dirección facultativa da obra.

Informe que emito a salvo de criterio mellor fundado en dereito.”



Visto que asímesmo no dito informe incorporouse oconforme da intervención provincial
Propoño á xunta de goberno local que adopte o seguinte acordo:

1º.- Desestimar a solicitude de resolución contractual do contrato para a construción dun centro residencial no Concello da Pobra de Brollón formulada por Prado Lameiro SL e conseguintemente da indemnización instada por esta causa.

2º.- Notificar a presente ó contratista con indicación de que Contra o presente acordo, que é definitivo en vía administrativa poderá interpoñer recurso de reposición no prazo de un mes ante o mesmo órgano que o ditou ou interpor directamente recurso contencioso-administrativo perante Xulgado Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados a partir do seguinte ó da recepción da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 46 da Lei 29/98, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Contra a resolución presunta do recurso de reposición, que terá lugar transcorrido un mes desde a interposición do mesmo sen que fora notificado, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante Xulgado Contencioso Administrativo no prazo de seis meses, contado a partir do día seguinte a aquel en que a Resolución do referido recurso de reposición se debería ter notificado de forma expresa (un mes desde a interposición do mesmo), todo iso de acordo co disposto no artigo 46 da Lei 29/98, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa en relación cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo común e das Administracións Públicas.

3º.- Dar traslado do presente ó servizo de, o servizo de contratación e Fomento , e á dirección facultativa da obra”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS E ASOCIACÍONS SEN ÁNIMO DE

LUCRO DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA ARTESANÍA, NA ANUALIDADE 2019.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica:

“Tendo en conta que, pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada o pasado 5 de abril de 2019, prestóuselles aprobación ás bases e os modelos de solicitude que habían de rexer no procedemento de concorrência competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas e asociacións sen ánimo de lucro para a realización de actividades de promoción da artesanía na anualidade 2019,

Tendo en conta que as bases reguladoras da convocatoria foron publicadas no Boletín Oficial da Provincial núm. 086 - Sábado, 13 de abril de 2019.

Tendo en conta que de conformidade co punto 6º das Bases do procedemento de subvencións en réxime de concorrência competitiva destinadas a entidades asociativas e asociacións sen ánimo de lucro, da provincia de Lugo para a realización de actividades de promoción da artesanía na anualidade 2019, que se constituirá unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instructor consonte ao disposto no artigo 24 da lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Tendo en conta que, nesta convocatoria se presentaron as solicitudes incluídas nas listaxes que se acompañan cuxos expedientes foron aceptados pola Comisión de Avaliación coa documentación que acompañan as solicitudes para participar no procedemento, e no seu aquelas solicitudes desestimadas e o motivo e causa da súa desestimación.

Tendo en conta que para esta convocatoria os criterios empregados para a súa avaliación e valoración foron os recollidos na norma específica do concurso trala aprobación polo órgano competente.



Tendo en conta que para estes efectos, achéganse as listaxes nas que se inclúen os solicitantes propostos e que van rubricadas para o efecto.

Tendo en conta que, con data 02 de outubro de 2019 se constituíu a Comisión de Avaliación establecida nas Bases, que acorda elevar a proposta de concesión, e informar a desestimación ou desistencia das solicitudes que figuran como tal na listaxe anexa sen especificar valor económico, por non se axustaren , no seu caso, ás bases do concurso.

A vista do Informe da Comisión de Avaliación

Visto o informe de Servizo do Centrad

Visto o informe de Intervención

Por todo o dito,

O Deputado que suscribe, propón á Xunta de Goberno , en base á proposta da Comisión de Avaliación :

Conceder as subvencións individualizadas que se mencionanasí como a desestimación das subvencións que figuran nas listaxes incorporadas todas elas ao expediente”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIAS DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica:

“En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 27 de setembro de 2019, onde se resolveu o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 046, do sábado 23 de febreiro de 2019, para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva.

Propoño

Que o beneficiario relacionado a continuación, presentou na Excma. Deputación Provincial de Lugo, a súa renuncia do citado concurso:

Categoría	Nome Entidade	Nome Actividade	Subvención
Organización de Eventos 2019	Club Waterpolo Lugo	Torneo de Verano Club Waterpolo Lugo	871

Por todo o exposto procede aceptar de plano a mencionada renuncia polo importe citado”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

18.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA ANUALIDADE 2017.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica:

“Vistos os informes emitidos pola Área de Deportes; o Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción dos seguintes acordos:



Declarar a perda do dereito ao cobramento total das subvencións concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 29 de decembro de 2017, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a actividades deportivas realizadas por entidades deportivas, ano 2017, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm.184, do venres 11 de agosto de 2017, das asociacións que se detallan na táboa, polos importes sinalados.

Notificar este acordo ao beneficiario, facéndolle saber que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, fronte ao que se poderá interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a recepción da presente notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte a recepción da presente notificación, sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Nome Entidade	Nome Actividade	Subvención
Asoc. Cultural Val de Láncara	Piragüismo Polo Neira	808

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

19.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA ANUALIDADE 2018.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica:

“Vistos os informes emitidos pola Área de Deportes; o Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

Declarar a perda do dereito ao cobramento total das subvencións concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 09 de novembro de 2018, polo cal resólvese o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo para a realización de actividades deportivas na anualidade 2018, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm.095, do xoves 26 de abril de 2018, das asociacións que se detallan na táboa, polos importes sinalados.

Notificar este acordo ao beneficiario, facéndolle saber que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, fronte ao que se poderá interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a recepción da presente notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte a recepción da presente notificación, sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Categoría	Nome Entidade	Nome Actividade	Subvención
Actividade Competitiva 2018	Asoc. Deportiva Sociedade Río Cabe	Golf	872
Organización de Eventos 2018	Asoc. Deportiva Sociedade Río Cabe	Torneo de Golf Xullo de Ouro	1139

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

20.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DE EXCEDENCIA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO SECTOR PÚBLICO DUNHA FUNCIONARIA DESTA DEPUTACIÓN.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo do seguinte teor:



“Con data 6 de setembro de 2019, tivo entrada no Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Lugo un escrito da funcionaria Dona María Teresa López González, no que manifesta que foi nomeada funcionaria de carreira, polo sistema de promoción interna, do Corpo Xeral Administrativo da Administración do Estado (BOE nº 189, de 8 de agosto de 2019) e que tomou posesión na praza e posto que lle foi atribuído, con data do 13 de agosto de 2019.

No BOE referido, de 8 de agosto de 2019, foi publicada unha Resolución, de 7 de agosto de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, do Ministerio de Política Territorial e Función Pública; pola que se nomean funcionarios de carreira, polo sistema de promoción interna, no Corpo Xeral Administrativo da Administración do Estado, constatándose que na relación dos ditos nomeamento figura, no posto 477, a funcionaria solicitante, obtendo destino na Xerencia rexional da Delegación Especial de Economía e Facenda do Ministerio de Facenda, na cidade da Coruña.

Tendo en conta que para a determinación da procedencia da solicitude deberase acudir á normativa aplicable, é dicir, ao Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL), que no seu artigo 140.1, enumera as distintas situacións administrativas nas que poden atoparse os funcionarios de carreira descritivas da súa relación de servizo e no 140.2, que sinala: “As ditas situacións administrativas regularanse pola normativa básica estatal e pola lexislación de función pública da respectiva Comunidade Autónoma e, supletoriamente, pola lexislación dos funcionarios da Administración do Estado, téndose en conta as peculiaridades do réxime local”.

Tomando en consideración o disposto na normativa básica estatal, é dicir, no Título VI do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP); e na lexislación de función pública da respectiva Comunidade Autónoma, concretamente o previsto no Título VIII da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.

Con fundamento no contido do informe do Servizo de Recursos Humanos, de 11 de outubro de 2019, que fai referencia a situación administrativa que corresponde declarar, conforme ao disposto nos artigos 88 do EBEP e 171 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia (LEPG).

Tendo en conta canto antecede, na miña condición de Deputada Delegada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propono que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Excelentísima Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 56, de 10 de marzo do 2011), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Declarar a Dona María Teresa López González na situación administrativa de excedencia por prestación de servizos no sector público, na praza de Auxiliar de Administración Xeral da Deputación Provincial de Lugo, con efectividade do 8 de agosto de 2019, data na que foi nomeada funcionaria de carreira, polo sistema de promoción interna, do Corpo Xeral Administrativo da Administración do Estado, coas consecuencias xurídicas que leva aparelladas xa que así ven determinado polas disposicións expresamente sinaladas”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

21.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

A S U N T O D E U R X E N C I A

Fóra da Orde do Día, e previa declaración de urxencia acordada por unanimidade dos asistentes, adoptouse o seguinte acordo:

Proposta sobre Sentenza número 00488/2019 de data 3 de outubro de 2019 ditada polo Xulgado do Social nº 1 de Lugo nos autos 105/2019.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo do seguinte teor:



“Vista a Sentenza nº 488/2019 ditada o 3 de outubro do 2019 polo Xulgado do Social Nº 1 de Lugo nos autos nº 0000105/2019, seguidos por despedimento a Instancia de D. Pablo Bao Rodríguez que prestou Servizos para a Fundación TIC, en cuxa parte Dispositiva resolve:

“Estimar la demanda formulada por D. Pablo Bao Rodríguez y declarar improcedente su despido con efectos de fecha 15.12.2018, y condenar a las codemandadas Excm. Diputación de Lugo y Fundación TIC a que, en el plazo de cinco días a contar desde la notificación de esta resolución, opten entre readmitir al demandante en supuesto de trabajo con la categoría de indefinido o indemnizarle por la extinción de la relación laboral con la cantidad de 13.827,06 euros. En caso que se opte por la readmisión, el trabajador tendrá derecho a los salarios de tramitación desde la fecha del despido hasta el día de notificación de la sentencia a razón de 53,54 euros/día.”

Visto os antecedentes no procedemento 109/2019 seguidos logo da sentenza nº 00292/2019 do Xulgado do Social nº 2 de Lugo no suposto de outro traballador da Fundación TIC en idéntica situación, no que se optou por readmitir ao traballador da Fundación TIC e recorrer a Sentenza en Suplicación perante a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Visto asemade o acordo da Xunta de Goberno de data 25 de xuño de 2019, aprobando “Impulsar as accións adecuadas para dar continuidade a actuación engadida no informe das prestacións a desenvolver no ano 2019 polo servizo, con respecto a necesaria sostenibilidade financeira logo do informe da xefa do servizo de audiovisuais” e tendo en conta canto antecede, na miña condición de Deputada Delegada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propono que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 54.17 do Regulamento Orgánico da Excelentísima Deputación Provincial de Lugo (BOP nº56, de 10 de marzo de 2011), a Presidencia resolva,

É polo que propono á Xunta de Goberno:

1º.- Tomar razón da Sentenza ditada o 3 de outubro do 2019 polo Xulgado do Social Nº 1 de Lugo nos autos nº 0000105/2019 e encomendar aos Letrados da Asesoría Xurídica recorrer a mesma en Suplicación perante a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

2º.- Optar por readmitir D. Pablo Bao Rodríguez traballador da Fundación TIC”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

22.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.